



**JUAN MARQUINA FUENTES, VICESECRETARIO XERAL DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE:**

**C E R T I F I C O:** Que o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria do día **29 de marzo de 2019**, adoptou, co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourenzana (2) e de don Francisco José Fraga Civeira e a abstención do BNG (1), o seguinte acordo:

- O Pleno da Deputación insta ao Parlamento de Galicia a:

1º.- Declarar e instituír como “Día da Galicia Mártir” o día 17 de agosto de cada ano, con carácter de celebración na Comunidade Autónoma de Galicia, en memoria e homenaxe de todos/as os/as cidadáns e cidadás galegos/as que deron a súa vida ou padeceron o exilio por defender as liberdades e dereitos democráticos e do pobo galego, plasmados dentro do marco constitucional daquela vixente, no 1º Estatuto de Autonomía de Galicia, plebiscitado o 28 de xuño de 1936.

2º.- Dar cumprimento expreso da proposición non de lei n.º 07/PNP-0165 (9078), aprobada no Pleno do Parlamento de Galicia, na súa sesión do 26 de decembro de 2006; publicada no BOPG n.º 301, do 03.03.2007.

3º.- A promover institucionalmente a celebración de actos protocolarios da devandita rehabilitación pública e política.

E para que conste, -nos termos do artigo 206 do vixente ROF-, expido este certificado en Ourense, o vinte e nove de marzo de dous mil dezanove.

V. e pr.

O PRESIDENTE,